Instrución de outubro de 2021 sobre as actuacións a realizar en materia de procedementos de adopción internacional en cumprimento da diferencia máxima de idade de 45 años prevista no artigo 175.1 do Código Civil.

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Sentenza do Tribunal Constitucional 133/2017 de 16 de novembro, declarou inconstitucional e nulo o título II (artigos 27 a 41), relativo á adopción, da Lei 2/2006, de 14 de xuño, do dereito Civil de Galicia.

Segundo.- O 28 de febreiro de 2018 o Consello Consultivo emite o informe CCG 59/2018, sobre cuestións relacionadas co réxime aplicable a adopción nacional, en relación coa sentenza citada no punto anterior.

Este informe do Consello Consultivo establece que a aplicación das normas civís de dereito común na Comunidade Autónoma de Galicia que ordena a dita sentenza determina que: «non cabe seguir aplicando a diferenza máxima de idade de 40 anos entre adoptante e adoptando nos estritos termos previstos no Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro».

O mencionado anteriormente determina que debe entenderse aplicable en Galicia actualmente a diferencia máxima de idade de 45 años prevista no artigo 175.1 do Código Civil, tanto no proceso de valoración de idoneidade como no de selección das persoas que se ofrecen para a adopción.

Terceiro.- Ante esta situación a Consellería de Política Social emite e publica (DOG Núm. 100 Luns, 28 de maio de 2018) a Instrución de 5 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, sobre as actuacións a realizar en materia de procedementos de adopción nacional en cumprimento da sentencia do Tribunal Constitucional 133/2017, de 16 de novembro.

Cuarto.- Con esta instrución articulábase o procedemento de adopción nacional, xa que na variante de adopción internacional xa se viña aplicando a diferenza máxima de 45 anos nos procesos de valoración tal e como se recolle na CIRCULAR nº 16, de xuño de 2008.

Nesta circular recollese no seu apartado 2.2- Aspectos a ter en conta no proceso de valoración de idoneidade (2.- PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DE IDONEIDADE)
Idade.-
A determinación da idade concretarase no momento de realizar a valoración, e non dende a data de rexistro da solicitude.
Establecese que entre o adoptante e o adoptado exista unha diferencia de idade axeitada e non superior aos corenta e cinco anos, tomando como referente ao membro mais novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferencia de idade poderá ser superior.

CVE: qBUjzhY4k0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544 655
Mail: dxfamilia.politicasocial@xunta.gal

1. No suposto de solicitantes monoparentais maiores de 45 anos, determinarase a idade do menor a adoptar aplicando unha diferencia de idade de 45 (por exemplo un/ha solicitante de 50 anos, sería idónea/ o para menores de mais de 5 anos).

2. No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, pártese da idade do membro mais novo. Se este é menor de 45 anos a idoneidade poderá ser para nenos de 0-1 ano, independentemente da idade do outro membro da parella. No informe psico social e na proposta de idoneidade débese recoller se os solicitantes están dispostos a aceptar nenas/ os de maior idade, e de ata que idade se acepta.

3. No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, ambos dous de mais de 45 anos, pero cunha diferencia entre eles de menos de 5 anos, determinarase a idoneidade aplicando a diferencia de idade do membro mais novo da parella a 45, (exemplo unha parella de 45 e 49 anos = a idoneidade resultaría para unha/ un nena/ o a partir de 1 ano). Pero si a diferencia de idade entre eles é de 5 ou mais anos, a idoneidade ven determinada pola media das idades dos solicitantes e establecida a diferencia cos 45, (exemplo unha parella de 45 e 65 anos = a idoneidade resulta de aplicar a media 45+65=110:2=55-45= unha/ un nena/ o a partir de 10 anos./2º exemplo unha parella de 45 e 50 anos = a idoneidade resulta de aplicar a media 45+50=95:2=47,5-45= unha/un nena/ o de mais de 2 anos ou a partir de 2 anos).

Co paso dos anos e adquisición de maior experiencia na tramitación de expedientes de adopción internacional e coa validez por 3 anos dos certificados emitidos, viuse a necesidade de recoller nas idoneidades os rangos de idades por intervalos mínimos de 3 anos, deste xeito se determinou que tal solicitante ou familia resultaba idónea para menores de entre 0 a 3 anos (cando anteriormente se recollía idóneos para un menor de 1 ano ou idóneos para un menor a partir de 3 anos.....), dándose variantes de que algúns países determinasen a validez por solo dous anos e esixindo actualizacións cada dous anos respecto das idoneidades.

Quinto.- Ademais nestes períodos comprendidos entre o 2008 ata 2017 que se produce a sentenza do TC e anteriores tamén ó 2008, estábase a ser flexibles a hora de aceptar asignacións de menores por debaixo dos rangos de idoneidade admitidos a priori e sempre que a diferencia non fose esaxerada. Non obstante, este criterio indefinido causa dúbidas e interpretacións diverxentes, polo que é necesario revisalo.

EN CONSECUENCIA

Ante esta situación, a subdirección xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, a través da xefatura de servizo de Protección de Menores, co obxecto de unificar criterios en canto ós rangos de idade nas valoracións, vixencias e ou actualizacións das idoneidades en adopción internacional e respecto da diferenza máxima de idade entre adoptado e adoptante dita a seguinte instrución:

Primeiro.- Naqueles expedientes de adopción internacional que xa están en curso de tramitación cunha asignación dun único menor e sen especiais dificultades que se atopen na situación de incumprimento respecto da diferenza máxima de idade entre adoptado e adoptante, manteranse as propostas e certificacións xa emitidas de aceptacións, sobre a base do interese superior do menor, podendo continuar co procedemento ata o seu remate coa adopción.

CVE: qBUjzhY4k0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544 655
Mail: dxfamilia.politicasocial@xunta.gal

Segundo.- Naqueles expedientes de adopción internacional que están en curso de tramitación, pero á espera de asignación de menor, deberán ser revisados para comprobar que a súas idoneidades non incorren na aplicación da condición da diferencia máxima de idade de 45 años prevista no artigo 175.1 do Código Civil.

Terceiro.- Os expedientes en curso nos que non conste declaración de idoneidade vixente porque están pendentes de valorar as idoneidades, ou os que están pendentes da súa próxima renovación, revisión ou actualización, estes deberán seguir sendo valorados tendo en conta o recollido na propia instrución na que xa se aplica a diferencia máxima dos 45 anos entre adoptante e adoptado.

Para aclarar este aspecto, incorporarase nos informes, propostas, resolucións e certificacións de idoneidade unha dilixencia ou alusión respecto da diferenza de idade máxima entre adoptante e adoptado de forma que no momento de producirse unha asignación dun menor, a diferenza de idade entre adoptante e adoptado sexa de polo menos dezaseis anos e non superior a corenta e cinco anos, tal e como se recolle no artigo 175.1 do Código Civil.

Cuarto.- A aqueles expedientes que fosen ou vaian a ser declarados idóneos para grupos de irmáns ou menores de especiais dificultades non lles será de aplicación esta condición de respectar a diferencia máxima de idade de 45 anos recollida no artigo 175.1 do Código Civil, aínda que se poderá ter en conta a diferencia de idade polo feito de evitar situacións de pais moi maiores respecto sobre todo dos menores con especiais dificultades.

Quinto.- Esta instrución será de aplicación por parte dos equipos técnicos das xefaturas territoriais dende o día seguinte da súa sinatura.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xefe de servizo de Protección de Menores

Jorge González Fernández

Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, JORGE
Cargo: Xefe do Servizo de Protección de Menores
Data e hora: 11/10/2021 11:18:17

CVE: qBUjzhY4k0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544 655
Mail: dxfamilia.politicasocial@xunta.gal